



## Concello Do Carballiño

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN CULTURAL XOCIVIGA (XORNADAS DE CINE E VÍDEO EN GALICIA) PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2025

O Carballiño, na data de sinatura

#### REUNIDOS

Dunha parte **don Don José Rafael Castro Gil-Seijas**, alcalde-presidente en funciones, do Concello do Carballiño (Ourense) con CIF P3202000J e exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **don Daniel Fernández Filloy** en representación da entidade **ASOC. CULTURAL XOCIVIGA** con CIF G-16838468 actuando en nome e representación da mesma.

#### MANIFESTAN

I. Que a asociación **XOCIVIGA** ten como principal obxectivo fomentar e divulgar a nosa cultura a través do cine e das actividades audiovisuais, e por iso as actividades primordiais son: promover e difundir as Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia e fomentar toda clase de actos culturais que poidan ter relación coas actividades anteriores e que axuden ou amparen os fins anteriormente citados, así como o fomento dos fins que con carácter xeral se expoñen no artigo 31 da Lei Orgánica 1/2002 reguladora do Dereito de Asociación.

II. Que o Concello considera que o labor que realiza a Asociación constitúe unha manifestación cultural e unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social e cultural, en continua colaboración coas actividades municipais.

III. É de interese público, o cal supón unha promoción da cultura, a través da organización de festivais e actividades audiovisuais.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción da cultura.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociado, os que libremente





## Concello Do Carballiño

colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que a Asociación cultural Xociviga está inscrita no Rexistro municipal de asociacións.

VII. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2025** consta a seguinte subvención nominativa:

| Aplicación orzamentaria | Entidade beneficiaria   | CIF        | Importe     |
|-------------------------|-------------------------|------------|-------------|
| 3341148009              | Asoc. Cultural XOCIVIGA | G-16838468 | 13.000,00 € |

VIII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de FORMA DIRECTA as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIONES.

IX. Que o R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados da organización das "XOCIVIGA 2025":

- Gastos derivados das seguintes actividades: competición de curtametraxes, actividades educativas e paralelas.
- Gastos de xestións de films (dereitos de autor, portes, etc.).
- Gastos de imprenta (promoción e difusión).
- Xestión de convidados (desprazamentos, aloxamento e dietas)





## Concello Do Carballiño

- Gastos derivados da execución do certame (medios de comunicación, xestorías, honorarios fotógrafos, deseñadores, organización, etc.).
- Galardóns e premios.
- Calquera outro gasto derivado da propia organización das actividades obxecto da axuda.

### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía máxima da subvención ascende a **13.000,00 euros**, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 “Transferencias correntes” do programa 3341148009, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2025.

A contía da subvención consistirá nunha porcentaxe do orzamento do proxecto presentado, podendo acadar, como máximo, o 90% do custo total do proxecto. O beneficiario non poderá obter importe superior a 13.000,00 € para o conxunto do proxecto que presente.

### 3. DURACIÓN

Este acordo contempla a execución de actividades culturais durante o período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2025 e o 15 de decembro de 2025.

### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración Pública distinta da do Concello do Carballiño, ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

En ningún caso será compatible con outras subvencións de concorrencia competitiva procedente da Área de cultura do Concello do Carballiño, aínda que as actividades sexan distintas das presentadas para este convenio.

### 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o





## Concello Do Carballiño

comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Cultura do Concello do Carballiño.
- I. Si se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade, de ser o caso, suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.





## Concello Do Carballiño

- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

### 6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
  - Memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo.
  - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
  - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acreedor e do documento, concepto, importe e data de emisión e data de pagamento.
  - Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCS, cartas de pago, etc.).
  - O pagamento a terceiros, que deberá realizarse dentro do prazo de xustificación recollido no punto e) desta cláusula, poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pagado, selo do provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento. En ningún caso, os pagos en metálico poderán exceder de 300 € por provedor e de 1.000 € en cómputo global da subvención outorgada.
  - A xustificación de premios en metálico deberase acreditar coa acta da decisión do xurado xunto cos xustificantes bancarios do pagamento aos beneficiarios dos premios.

No caso de que a entidade beneficiaria non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagamentos necesarios antes do vencemento do





## Concello Do Carballiño

prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pagamento na conta xustificativa, sempre que se presente a declaración xurada a tal efecto.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
  - Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
  - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social, ou declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social asinada polo representante legal da asociación, se a axuda non supera o importe de 3.000,00 €, segundo o disposto no art. 24.4 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
  - Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.
- c) Os gastos xustificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe do custo total do proxecto presentado por 14.300,00 €. A subvención representa o 90,90% do orzamento total da actividade.
- d) A xustificación da subvención concedida deberá acadar o 100% do importe total do proxecto. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.
- e) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o **día 15 de decembro de 2025**.

### 7. GASTOS SUBVENCIONABLES.

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





## Concello Do Carballiño

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende o **1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2025** (data de finalización do período de xustificación determinado no presente convenio), a excepción de que a entidade se acolla ao recollido na cláusula 6ª b) punto 5 parágrafo 2º.

### 8. FORMA DE PAGO.

O pagamento do anticipo da subvención correspondente o 75% do importe total da subvención concedida, realizarase unha vez aprobado, asinado e publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) o presente convenio, previa solicitude do interesado no que fará constar o número de conta onde se realizará o ingreso, e acreditada a situación da asociación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e o 25% restante, tras a correcta presentación, pola entidade beneficiaria, da conta xustificativa nos termos expostos na cláusula 6 deste convenio.

En ningún caso poderán imputarse gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (exercicio 2025), ou que os gastos non sexan suficientes para xustificar o importe da subvención concedida.

### 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2005).

### 10. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2025.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE  
José Rafael Castro Gil-Seijas

A PRESIDENCIA DA ASOCIACIÓN  
Daniel Fernández Filloy

